

PLAN DIXITAL



**CEIP MESTRE
MARTÍNEZ ALONSO**

XUÑO 2022



ÍNDICE

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible.
- 2.2. Fontes empregada para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos
- 3.2. Indicadores e accións

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de **mellora** (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1 Datos básicos do centro

Centro: CEIP Mestre Martínez Alonso - 36005245

Enderezo: rúa O Castro, nº 50, 36415, Mos (Pontevedra)

Correo electrónico: ceip.mestre.alonso@edu.xunta.gal

WEB: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestrealonso/>

Teléfono: 988 611 03 18

Etapas educativas: Educación Infantil e Educación Primaria.

Nº de alumnado: 275 **Nº de profesorado:** 29

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro.

O CEIP Mestre Martínez Alonso, no que se contextualiza este Plan, atópase situado no Concello de Mos, Provincia de Pontevedra. A zona pódese clasificar como semi-urbana ou semi-rural, pois se ben o concello de Mos non posúe un núcleo urbano (está constituído por parroquias e barrios bastante diseminados e extensos), o certo é que a proximidade do Porriño e Vigo exerce unha notable influencia, actuando ámbalas dúas localidades como polos de atracción para os habitantes de Mos.

Consecuentemente pódese dicir que a meirande parte da poboación trasládase a traballar ás industrias dos dous concellos xa citados (O Porriño e Vigo), sendo minoritaria a que resta en Mos para desempregar un oficio. Do mesmo xeito podemos dicir que a dedicación en exclusiva ó cultivo da terra practicamente é inexistente, se ben en moitas familias se traballa o necesario para garantir o autoabastecemento de produtos básicos.

Polo que se refire ó nivel cultural este poderíase clasificar como medio e nalgúns casos como medio-baixo, apreciándose deficiencias importantes: nenos con moi pouco vocabulario, con dificultades grandes en canto a comprensión e expresión, con hábitos de traballo e estudio inexistentes, con falta de interese pola lectura, con ausencia de pautas de comportamento na familia, e, especificamente, con dificultades tanto no acceso coma no coñecemento das tecnoloxías.

O centro educativo CEIP Mestre Martínez Alonso é un Centro Público, que depende da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, onde se imparte educación Infantil e educación Primaria. Defínese como aconfesional, e que ten como principais obxectivos, a maiores de perseguir a educación integral do alumnado en todas as súas dimensións (intelectual, social, física, estética e máis ética), a súa formación no pluralismo e os valores democráticos, tendo en conta a realidade natural e socio-cultural na que se atopa inmersa. É salientable, polo tanto, o traballo que coma claustro temos que levar a cabo no fomento do uso da tecnoloxía.

Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro

Na lexislación vixente, LOMLOE, establécese que o Proxecto Educativo recollerá a estratexia dixital do centro. Confórmase este Plan como unha ferramenta fundamental no noso centro para o fomento da investigación e innovación, a formación do profesorado, a xestión e organización interna, a compensación de desigualdes, o fomento das STEAM, a inclusión (DUA), etc.

A súa vez, ten un papel importante no desenvolvemento dos proxectos elaborados a nivel de centro e en coordinación con outros Equipos como o de Biblioteca Escolar ou a Dinamización de Convivencia. Nos últimos cursos, apostamos polo emprego das TIC no día a día, tanto como recurso de aprendizaxe para o alumnado, recurso de apoio á diversidade (TAD- tecnoloxías de apoio á diversidade) e tamén como estratexia de organización interna e de apertura á contorna. Actualmente contamos co PFPP “Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital”, “Biblioteca Creativa” e “Introdución ao GRID3”.

O Plan Dixital tamén servirá como ferramenta para alcanzar os obxectivos que se estipulen na PXA do próximo curso, apostando polo desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e do profesorado.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Para lograr unha plena transformación tecnolóxica das aulas, tal e como recolle a Estratexia Educación Dixital 2030, este Plan Dixital está inmerso nun contexto normativo que o xustifica e o fai tanxible:

- Art.11 bis, Art.121 e Art.132 da LOE 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral

de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Durante o curso 2021-2022 levouse a cabo a elaboración do Plan Dixital seguindo as directrices do asesor Emilio Gómez Fernández do equipo ADIX Vigo4. A organización do traballo dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital, fíxose a través dun grupo de traballo, inmerso nun PFPP chamado “O Plan Dixital do CEIP Mestre Martínez Alonso” formado polas mesmas integrantes que as do Equipo de Dinamización do Plan Dixital: Marta Da Silva Pérez (coordinadora), Laura Giráldez Rodríguez, Elvira Fernández Pena, Aida Mouco Tombo, Yolanda Fontán Fernández, Marta Pedrosa Vázquez e Ana Barreiro Camiña. Durante o curso tivemos varias reunións e fomos distribuindo as tarefas dentro do grupo de traballo, foi unha elaboración coordinada e consensuada tanto de forma interna dentro do equipo, como co resto do profesorado e Equipo Directivo.

Neste proceso podemos diferenciar tres etapas que corresponden cos tres trimestres do curso. No primeiro trimestre realizamos unha análise de situación de partida, empregando o Test SELFIE tanto para o alumnado como para o profesorado. No segundo trimestre concretamos os datos obtidos reflexionando sobre as nosas debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades a través do DAFO. Finalmente no terceiro trimestre, definimos obxectivos e accións a seguir e elaboramos o Plan Dixital en base a todo o anterior.

2. Situación de partida

2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible

Co fin de coñecer máis profundamente as características da nosa comunidade educativa no tocante ao manexo e uso das nova tecnoloxías, o acceso ás mesmas, así coma do grao de competencia dixital do alumnado, profesorado e familias, partimos da análise da situación de partida do centro, empregando test coma o SELFIE ou o Test de Competencia Dixital Docente (CDD). Asemade, estes resultados son contrastados coa realidade do centro, para poder deseñar accións correctoras ou máis precisas nos diferentes aspectos a tratar.

Compre sinalar que, a nivel do profesorado do centro, o uso das novas tecnoloxías é cada vez maior, tanto na elaboración das programacións, de actas e comunicacións, boletíns e outros aspectos burocráticos, coma na súa vertente didáctica na aula de informática, na propia titoría ou biblioteca do centro. A maiores do mero uso das tecnoloxías, temos que facer fincapé no nivel de competencia dixital do profesorado, segundo o Test CDD a puntuación media foi de 82,6 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1) de media.

O centro en xeral, aposta polas novas tecnoloxías aínda que, tal e como mostrou o informe SELFIE, existen carencias dixitais nalgunhas áreas máis que en outras.

Cabe salientar que o centro fixo unha aposta por integrar as tecnoloxías no ámbito da diversidade tentando aplicalas para garantir a equidade educativa e limar as diferencias derivadas tanto das necesidades educativas especiais como das persoais. Deste xeito adaptáronse ós espazos para todo tipo de diversidade e fíxose unha grande aposta por situar á tecnoloxía ao servizo do alumnado, especialmente nestes momentos que estamos a vivir.

Algunhas das experiencias aplicadas coa tecnoloxía foron as seguintes:

- Proxecto Atopa: experiencia piloto no eido da convivencia promovido pola Asociación ASTEAVI de Vigo e coa colaboración da Escola de Telecomunicacións de Vigo. Trátase da utilización dunha sinxela APP para realizar test sociométricos que nos permiten coñecer o clima de convivencia nas aulas.
- XIX Soles: Proxecto de prensa dixital recoñecido como práctica de referencia polo INTEF e o

Observatorio para o desenvolvemento e a práctica profesional da Competencia dixital docente da Universitat Rovira y Virgili, entre outros.

- Proxecto G-book: en colaboración coa Universidade de Vigo, ten coma obxectivo promover a literatura infantil positiva dende o punto de vista dos roles e modelos de xénero, unha literatura aberta, plural, variada, sen estereotipos e baseada no respecto e a diversidade.
- Introducción dun Sistema Aumentativo e Alternativo de Comunicación (SAAC) empregando comunicadores dinámicos para eliminar barreiras comunicativas.
- E outros proxectos relacionados co ámbito da realidade aumentada, creación de APP educativas, iniciación ao pensamento computacional, podcast, creación de contido educativo dixital...

INFRAESTRUTURA TECNOLÓXICA DO CENTRO

A nivel de recursos o centro conta cos seguintes recursos, distribuídos en diversas dependencias, de xeito que, en función do destino principal dos mesmos, se reparten como segue:

INFRAESTRUTURA DIXITAL

1. **Infraestrutura de datos:** Dispoñemos dunha serie de puntos WIFI distribuídos por diferentes estancias do centro.

CORREDOR BIBLIOTECA	1
BIBLIOTECA	1
AULAS EI	2
AULAS EP	4
XIMNASIO	1

2. **Infraestrutura de voz:** O centro dispón de punto de acceso en todas as aulas, inda que só dispón de 6 terminais distribuídos do seguinte modo:

SECRETARÍA	1
SALA MESTRES	1
DIRECCIÓN	1
XEFATURA	1
ORIENTACIÓN	1
RECEPCIÓN	1

EQUIPAMENTO

✓ Aulas dixitalizadas:

1. Educación Infantil

PORTÁTILES	5
SOBREMESA	5
TABLETS	10
CANÓN- PDI	6

2. Educación Primaria

PORTÁTILES	10
SOBREMESA	5
TABLETS	70
CANÓN- PDI	11

3. Aula de pedagogía inclusiva

PORTÁTIL	3
SOBREMESA	4
TABLET	2
CANÓN- PDI	1

4. Aula de música

SOBREMESA	1
CANÓN- PDI	1

b) Equipos para uso na sala de profesores e departamentos:

1. Equipo directivo

SOBREMESA	3
-----------	---

2. Orientación

SOBREMESA	1
-----------	---

3. Sala de mestres

SOBREMESAS	4
------------	---

c) Uso na biblioteca:

SOBREMESAS	3
PORTÁTIL	2
CANÓN	1

d) Aula informática:

PC PORTÁTILES PEQUENOS	15
------------------------	----

CANÓN-PDI

1

SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS

a) Servizos dixitais educativos corporativos

Contamos con plataformas e servizos dixitais como a Aula Virtual (empregada habitualmente polo profesorado) , Espazo Abalar (con todas as súas funcionalidades e aplicacións), correo corporativo e páxina web do centro.

b) Servizos dixitais educativos non corporativos

Dispoñemos, sempre tendo en conta o cumprimento da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de diversos blogs con acceso directo desde a web do centro (blog de biblioteca, de convivencia, de dinamización da lingua galega, de primaria e de infantil, a través do servicio Blogger), así como dispoñemos de diversas redes sociais (páxina de Facebook, Twitter e Instagram).

PROTOCOLOS RELACIONADOS COAS TIC

- Plan de continxencia:

PLAN DE CONTINXENCIA

CEIP MESTRE MARTÍNEZ ALONSO

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Tal e como se comentou anteriormente, o Test SELFIE e o test CDD foron básicos para analizar a situación de partida, engádense a continuación os resultados dos devanditos informes xerados.

- TEST SELFIE: móstranse os resultados das áreas do informe SELFIE.

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A-Liderado	EquipoDirect.	3,9
	Profesorado	3,9
	Alumnado	x
B-Colaboración e redes	EquipoDirect.	3,2
	Profesorado	3,5
	Alumnado	2,6
C-Infraestructuras e Equipos	EquipoDirect.	4,1
	Profesorado	4
	Alumnado	4,2
D-Desenvolvemento profesional continuo	EquipoDirect.	4,3
	Profesorado	4,1
	Alumnado	x
E-Pedagogía: Apoio e Recursos	EquipoDirect.	4,5
	Profesorado	4,2
	Alumnado	x
F-Pedagogía: Implementación na aula	EquipoDirect.	3,4
	Profesorado	3,7
	Alumnado	3,7
G-Prácticas de avaliación	EquipoDirect.	2,9
	Profesorado	3,2
	Alumnado	x
H-Competencias dixitais do alumnado	EquipoDirect.	3,2
	Profesorado	3,5
	Alumnado	3,6

- Test CDD:

Participación segundo perfil do profesorado (Táboa 1.3. do informe grupal do Test CDD)

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	22	22	100%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	3	3	100%
DESPRAZADO	1	1	100%

Puntuación e nivel de competencia do centro (Táboa 2.1.do informe grupal do Test CDD)

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
82,6	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapa (Táboa 2.2.do informe grupal do Test CDD)

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf,	83,6	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri	76,7	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por nivel (Táboa 2.3. do informe grupal do Test CDD)

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	3,6%
A2	7	25%
B1	13	46,4%
B2	5	17,9%
C1	1	3,6%
C2	1	3,6%
TOTAL	28	100,1%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, o Test CDD e da análise contrastada dos datos anteriores e a realidade, o centro xerou unha análise DAFO que é de utilidade para a análise de situación e para a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital.

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
INFRAESTRUCTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - O profesorado busca recursos educativos en liña para reforzar o labor do ensino. - Existencia dun ciberaula con recursos. - Pizarras dixitais en todas as titorías, 	O centro non dispón de asistencia técnica cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais.

	sistema de tabletas, outros elementos,...	
PERSOAL DOCENTE	- Alta predisposición do persoal docente para creación de recursos dixitais. - Existe persoal docente cualificado para a creación de recursos dixitais. - Alta participación en actividades formativas	- Non se avalía os progresos do profesorado en materia de ensino aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. - Necesidade de actualización sobre a competencia dixital en diferentes formatos de xeito xeneralizado.
PERSOAL NON DOCENTE	Disponibilidade na instalación e emprego de recursos dixitais.	
ALUMNADO	O alumnado está máis participativo cando utilizan tecnoloxías dixitais.	O alumnado ten unha falsa sensación de coñecemento dixital.
FAMILIAS	- Existencia de escola de familias online e actividades formativas sobre a competencia dixital. - Emprego de ferramentas dixitais de comunicación familia-centro.	Baixa competencia dixital dunha porcentaxe das familias.
OFERTA	- Alta creación de recursos dixitais. - Creación de espazos virtuais adaptados a diferentes tipos de diversidade funcional e personal.	Non hai unha oferta para o alumnado sobre como crear contidos dixitais.
ORGANIZACIÓN DE CENTRO	- Existen novas modalidades de ensinanza. - Uso de metodoloxías activas.	Non se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.
INCLUSIÓN	O centro estableceu liñas prioritarias no emprego da tecnoloxía relacionadas con este ámbito, apostando polos formatos que favorecen a comunicación, a eliminación de barreiras e a adaptación a todo tipo de linguaxes e sistemas de comunicación.	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	- Oferta de formación para o profesorado sobre competencia dixital. - Oferta de programas de innovación educativa para desenvolver a competencia dixital.	- Aposta clara polos centros educativos Edixgal, deixando a aqueles que apostan por un modelo libre de ensinanza dixital desprovistos de recursos. Este é o noso caso. - Pouco interese nos proxectos dixitais elaborados polo persoal docente e alumnado, total descoñecemento e falta de apoio.	
LEXISLACIÓN	- Existencia de flexibilidade á hora de programar empregando as TIC. - Recóllese a necesidade do acceso universal de aprendizaxe onde as TIC son unha ferramenta imprescindible.		
CONTORNA	Utilízanse tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo coa contorna (web, aula virtual, abalar, redes sociais...).	Baixa conectividade á red na contorna do centro educativa e domicilios do alumnado.	
ANPA	Boa disposición para o emprego das TIC nas comunicacións coas familias.		

	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none">- Canles de comunicación con outras entidades: concello, atención temperá.- Formación no terceiro ciclo de educación primaria sobre ciberseguridade e riscos de internet.	
	FAMILIAS		<ul style="list-style-type: none">- Falta de información sobre os perigos das novas tecnoloxías, pouca concienciación sobre o respecto dos dereitos de imaxe e identidade dixital do alumnado.- Falta de motivación das familias para un uso educativo das TIC e non só para ocio.

3. Plan de Acción

A secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO:

1. Establecer áreas prioritarias e determinar os obxectivos (que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas áreas do DigCompOrg.
2. Concretar ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.
3. Determinar as accións para conseguir cada obxectivo, elixir os responsables das mesmas, acordar unha temporización e determinar os recursos necesarios.

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación.

Trala análise DAFO elabóranse unha serie de obxectivos priorizando áreas como Infraestrutura e equipos, Desenvolvemento profesional continuo, Pedagogía: apoios e recursos e Pedagogía: implementación na aula. Todos os obxectivos, indicadores e accións establecidas polo Equipo Docente para a elaboración do Plan de Acción se recollen nas táboas do Plan de Acción.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro **obxectivo I**

"Área/s de mellora":						
1. OBXECTIVO (1):	Dinamizar TICS. Diseñar proxectos interdisciplinares nos que se empreguen as TIC.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos e persoas coordinadoras dos equipos de dinamización do centro.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de proxectos interdisciplinares deseñados nos que se empreguen as TIC.					
Valor de partida (3)	0 proxectos interdisciplinares deseñados nos que se empreguen as TIC.					
Valor previsto e data (4)	3 proxectos interdisciplinares deseñados nos que se empreguen as TIC.			XUÑO 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO 1.1: Asignar unha persoa de referencia do equipo TIC a cada equipo do centro para o traballo colaborativo.	Xefatura de estudos e persoa coordinadora do equipo TIC.	Última semana de setembro do curso 22/23	Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 1.2: Elaboración de propostas de proxectos interdisciplinares en colaboración cos equipos.	Persoas coordinadoras do equipos de dinamización do centro.	Xuño 2023	Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 1.3: Posta en práctica dos proxectos interdisciplinares.	Xefatura de estudos persoa coordinadora do equipo TIC e dos equipos de dinamización do centro.	Xuño 2023	Formulario para escoller os proxectos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro **obxectivo II**

"Área/s de mellora":						
1. OBXECTIVO (1):	Actualizar e/ou renovar os dispositivos dixitais do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Cantidade de dispositivos actualizados e/ou renovados					
Valor de partida (3)	Ningún dispositivo actualizado e/ou renovado					
Valor previsto e data (4)	50% dos dispositivos actualizados e/ou renovados			XUÑO 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO 2.1: Reorganizar horarios, con dispoñibilidade horaria suficiente, para a coordinación TIC.	Dirección e inspección.	Setembro 2022	Solicitude de presupostos en base ao orzamento do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 2.2: Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital do centro.	Persoa coordinadora tic	Xuño 2023	Solicitude de presupostos en base ao orzamento do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 2.3: Actualizar e/ou propoñer renovación do equipamento dixital.	Persoa coordinadora tic	Xuño 2023	Presuposto Xunta e Centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro **obxectivo III**

“Área/s de mellora”:						
1. OBXECTIVO (1):	Dispoñer de asistencia técnica que optimice os recursos do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo e Coordinador/a TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Existencia de persoa con perfil técnico para solucionar incidencias.					
Valor de partida (3)	Non existe asistencia técnica no centro cando xurden problemas coas tecnoloxías dixitais.					
Valor previsto e data (4)	Existe asistencia técnica no centro cando xurden problemas coas tecnoloxías dixitais.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO 3.1: Reorganizar horarios, con dispoñibilidade horaria suficiente, para a coordinación TIC.	Equipo directivo e persoa coordinadora tic	Setembro 2022	Persoa coordinadora.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 3.2: Elaborar un protocolo de incidencias. Procurar información sobre solución de incidencias en outros centros.	Equipo directivo e persoa coordinadora tic	Decembro 2022	Persoa coordinadora.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 3.3: Solicitar recursos suficientes para asistencia técnica.	Equipo directivo e persoa coordinadora tic	Xuño 2023	Solicitud de presupostos en base ao orzamento do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART” que sexan:

- a. Específicos (Specific), deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.
- b. Medibles (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poder e mos saber cando foi acadado.
- c. Alcanzables (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles.
- d. Relevante (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa.
- e. Definidos no tempo (Timebound), isto facilitarán os identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos. Para cada obxectivo se establecerá a persoa responsable do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirán a propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (Acadado o Non acadado).

- (2) INDICADORES: Permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) VALOR de PARTIDA: Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro
- (4) VALOR PREVISTO: Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar cunha data límite para acadalo.

ACCÍONS A DESENVOLVER:

- (5) DESCRICIÓN: Establecer enumeracións concretas e necesarias, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) RESPONSABLES: Son as persoas implicadas e responsables de cada acción.
- (7) DATA PREVISTA FIN: Data concreta na que se espera finalizaría a acción completamente.
- (8) RECURSOS NECESARIOS: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas, orzamento,..)
- (9) VALORACIÓN DA ACIÓN: No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) ESTADO: Utilizar esta mesma táboa para reflectir de xeito rápido na avaliación do Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

4 Avaliación do plan

- No contexto da **avaliación procesual**, de forma trimestral avaliaremos este Plan analizando:
 - Estado de execución das accións
 - Cumprimento da data previa de fin
 - Análise e valoración dos resultados
 - De ser o caso, as posibles modificacións e as propostas de mellora
- No contexto da **avaliación final**, avaliarase mediante os indicadores establecidos para cada obxectivo do Plan de Acción, valorando así o logro dos obxectivos e establecendo propostas de mellora. Os indicadores para cada obxectivo son os seguintes:

	INDICADORES DO OBXECTIVO	DATA PREVISTA FIN
Obxectivo I	Número de proxectos interdisciplinares deseñados nos que se empreguen as TIC.	XUÑO 2023
Obxectivo II	Cantidade de dispositivos actualizados e/ou renovados.	XUÑO 2023
Obxectivo III	Existencia de persoa con perfil técnico para solucionar incidencias.	XUÑO 2023

A avaliación destes indicadores verase reflectida na memoria do Equipo de Dinamización do Plan Dixital, que a súa vez recollerase a memoria xeral anual de centro.

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Despois da elaboración do Plan Dixital establécense unha serie de necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas, pois a pesar de que o centro dispón de dotación tecnolóxica, non foi na súa maioría proporcionada pola Consellería, senón por medio de adquisicións realizadas polo propio centro educativo. Respecto ás necesidades de equipamentos, temos as seguintes:

- ✓ Microscopios USB
- ✓ Pizarras dixitais
- ✓ Ordenadores

- ✓ Tabletas dixitalizadoras
- ✓ Plastificadoras
- ✓ Videocámara
- ✓ Cámaras fotográficas
- ✓ Trípode de alta estabilidade
- ✓ Trípode para móvil
- ✓ Trípode para tablet
- ✓ Equipo de iluminación
- ✓ Croma con soporte
- ✓ Pantalla interactiva
- ✓ Lapis 3D
- ✓ E-textiles
- ✓ Máquina de coser
- ✓ Plancha transfer textil
- ✓ Cricut Maker
- ✓ Materiais de costura e ganchillo
- ✓ Máquina de chapas
- ✓ Sistemas de protección EPI
- ✓ Impresora 3D
- ✓ Filamento para impresora 3D
- ✓ Raspberry Pi
- ✓ Kit Makey Makey
- ✓ Kit Paper Circuit
- ✓ Robots educativos
- ✓ Micrófonos USB con escudo antipopeo
- ✓ Auriculares
- ✓ Medidores de son

5. Difusión do plan

A estratexia a seguir para difundir o Plan Dixital do CEIP Mestre Martínez Alonso será a través das seguintes canles:

- Claustro
- Consello Escolar
- Páxina web do centro
- Redes sociais
- Escola de familias
- ANPA